



## CIRCULAR INFORMATIVA 6/2021

### RENOVACIÓN DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

**Anualidade do 01.07.2021 a 30.06.2022**

**Subvencionada polo Colexio con 100.000 € por anualidade**

O vindeiro 30.06.2021 ás 24 h vence a póliza do seguro de responsabilidade civil que este Colexio de Avogados como tomador ten contratado coa aseguradora Allianz a través da corretoría Aon para asegurar a responsabilidade civil dos nosos colexiados.

Durante os dous últimos meses mantivéronse negociacións con distintas aseguradoras e, tras estudar as ofertas presentadas, resultou máis vantaxosa en canto a coberturas e primas a de Allianz, polo que a Xunta de Goberno na sesión do pasado 20 de maio acordou a renovación da dita póliza con esta aseguradora por mediación de Aon e coas seguintes condicións:

**Aseguradora: Allianz**

**Corretoría: Aon**

**Límite asegurado: 450.000 €**

**Condicións: mesmas coberturas, límites e exclusións que a anualidade anterior**

**Novidades en relación coa póliza da anualidade anterior**

Inclúese responsabilidade por algúns eventos cibernéticos.

Inclúese unha cláusula de exclusión de responsabilidade por enfermidades infecciosas.

**Consulta da póliza**

Como en anos anteriores, a póliza estará ao dispor de todas as colexiadas e colexiados para a súa consulta na web do colexio, en: Servizos ao colexiado/a > Oficina virtual > Seguro de responsabilidade civil.

**Prima anual por colexiado/a: 337,24 € anuais (coa achega do Colexio o colexiado asegurado pagarán sobre 183,24 € anuais aprox.)**

En relación coa anualidade anterior prodúcese **un incremento da prima dun 5 %**, debido á sinistralidade acumulada da anualidade anterior.

Para esta anualidade **a achega do colexio**, segundo o acordo da Xunta de Goberno do 15.04.2020 e que se inclúe dentro das medidas económicas adoptadas ante a crise da Covid-19, é de **100.000 euros por anualidade**.

Esta achega será dividida entre todos os colexiados e colexiadas aseguradas, polo que no caso de se manter o mesmo número de asegurados (650), a cada un corresponderíalle un importe de 154 euros anuais aproximadamente. Con esta previsión, a contribución do Colexio achegárase ao 50 % da prima total.





## CIRCULAR INFORMATIVA 6/2021

A prima será cobrada en dous prazos, un no mes de setembro de 2020 e outro no a finais de xaneiro de 2021. Co desconto da achega aplicada polo Colexio, **a prima semestral sería duns 92 euros** aproximadamente.

### **Franquía. Establécese unha franquía gradual:**

- 500 € os dous primeiros sinistros/anualidade
- 1.500 € terceiro sinistro e seguintes

### **Seguro de accidentes**

Esta póliza inclúe un seguro de accidentes cunha garantía de 36.000 euros por falecemento por accidente e de 36.000 euros por invalidez absoluta por accidente.

### **Baixas: deben ser solicitadas antes do 23.06.2021**

Os colexiados que figuran de alta na dita póliza da anualidade anterior e non teñan interese na súa renovación **deberán solicitar a súa baixa expresamente por escrito** e remitila á secretaría deste colexio **antes do 23 de xuño ás 14.00 h.** O escrito da baixa deberá asinarse electronicamente e poderá remitirse ao seguinte correo electrónico: [contabilidade@icasantiago.org](mailto:contabilidade@icasantiago.org).

Os colexiados que durante a última anualidade causaron baixa no Colexio e aínda figuran de alta nesta póliza serán dados de baixa automaticamente o día 30.06.2021.

No caso dos colexiados exercentes asegurados que durante a última anualidade **pasaron á situación de colexiados non exercentes**, seguirán dados de alta na póliza se non solicitan a súa baixa expresa antes do 23.06.2021.

### **Solicitudes de alta (só novas altas)**

Os colexiados **que aínda non figuran de alta** (novas altas) dispoñen tamén dun prazo **ata o 23 de xuño ás 14.00 h** para solicitar por escrito a súa incorporación á dita póliza, que terá efectos a partir do 01.07.2021.

Os colexiados **que xa figuran dados de alta** na póliza anterior pasarán **automaticamente** á nova, **salvo que comuniquen a súa baixa por escrito antes do 23 de xuño ás 14.00 h.**

### **Obrigatoriedade**

Lembrámosvos que esta póliza do seguro de responsabilidade civil (ou outra similar contratada de forma particular) só é obrigatoria para os letrados que figuran de alta no servizo de asistencia a persoas detidas, na quenda de oficio e nos servizos de mediación deste colexio.

### **Subvención do Colexio**

A póliza estará subvencionada cun importe de 100.000 euros anuais, que serán repartidos entre todos os colexiados asegurados (o colexio asumirá deste xeito ao redor do 50 % do custo da prima).



**CIRCULAR INFORMATIVA 6/2021**

**Ampliacións ou segundas capas**

Os colexiados asegurados que teñan contratadas de forma particular ampliacións de cobertura ou segundas capas serán contactados polo mediador Aon para negociar a renovación das ditas ampliacións.

Para resolver calquera dúbida ou ampliar a información, poderase contactar coa secretaría técnica do colexio (Manuel Arza).